

CRÍTICA DE ARTE

Compartir o doméstico no seo da Fundación Granell

► 'Adosados' prima a presenza feminina e a creatividade masculina inténrase nestas características, nas que os ornamentos configuran mitoloxías do fogar

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO


ADOSADOS

Varios creadores
Fundación Granell
Ata o 15 de marzo

As canles artísticas inclinanse por camiños incertos, pero o que se percibe como evidente é a aparente androxinia dunha actividade, a artística, na que homes e mulleres participan por igual. A exposición *Adosados*, da Fundación Granell parece así certificarlo.

Proporción equilibrada de catro homes por catro mulleres artistas danse cita nunha exposición na que prima a presenza feminina, en resposta á feminización cultural que impregna case todos os ámbitos. A cuestión masculino-feminino, dualidades presentes en tantas sociedades, parece entrar en terreo escorregadizo, flexible ó polimorfismo contemporáneo. Parte da obra que expoñen os homes entra no parcelamento feminino, asunto que xerou unha longa secuencia de cuestionamentos.

As pezas escultóricas de Jorge Varela así o testemuñan ó incorporar antigos condicionantes biolóxicos tradicionalmente asociados ás féminas: ornamento, a coloración cálida e suave ou as formas arredondadas para conformar mitoloxías domésticas dun contorno considerado antano propio da



Unha das obras da mostra 'Adosados', na Granell

muller e do que agora como vemos se apropian artistas homes. A importancia do interior doméstico na caracterización de personaxes que tan ben reflicte Pedro Almodóvar, tamén actúa como retrato psicolóxico, en ocasións escenario claustrofóbico proclive a relacións perversas; é o caso de Iván Prieto.

A idea de fogar actúa no comisariado conxunto de Montse Cea e Eduardo Valiña como leif motiv despregado nun variado repertorio de disciplinas artísticas. Ás veces xúntanse varias, caso da instalación con fotografías que conforman as pezas de Carmen Nogueira "Refuxios", especie de goridas persoais como couto privado, espazo íntimo no que experimentar situacións particulares. A súa figura incompleta, decapitada, precisamente para

Alto risco implica o ser feminino, tatúa a pel de todo un discurso

non caer en vans individualismos persoais, presta a propia indefinición a futuros recoñecementos no momento no que o suxeito se aproxima a elas.

A realidade social sacudida pola hostilidade do medio físico ou a inestabilidade do fogar suxeito a vaivéns temporais está presente nas peonzas de Carlos Rial, sólidos bloques de vivendas, pero flotando no inseguro; un mar de esperanzas febles, un destino cuxa meta anúnciase prematuramente.

O fogar futurible de Mauro Trastoy aparece personalizado pola destinataria principal da sociedade de consumo: unha moza sentada meditando sobre o tradicio-

nal labor de decoradora do fogar. Ó mesmo tempo pódese ironizar sobre a circunstancia de ser membro dunha xeración e cultura concreta; é o caso de Ana de Matos e a exhibición do feminino como obxecto de desexo, como se dun simple trofeo se tratase. Agora ben, se para chegar a dama hai que xogar ó tradicional xogo matrimonial por parella heterosexual onde a última aspiración estaría no casamento pois xógase ás damas. Aquí sitúase o traballo de Inés Casado.

Se se acode a presentacións autobiográficas, encontrámonos coa artista Renata Otero, buscando nela mesma a fonte da súa arte a través de tres tondos circulares nos que exerce de superwoman: a cociña, o seu traballo artístico e a súa tese doutoral, sen deixar de lado a súa faceta como nai. O impulso creativo da muller artista xoga entón un papel de avanzadiña botando por terra estereotipos imperantes por séculos e séculos en Occidente.

Alto risco implica o ser feminino, tatúa a pel de todo un discurso ás veces formado de estigmas con alto prezo á pagar. Boas pezas a visitar nunha montaxe que adoece de certos recursos de vistividade debido a unha precaria situación de medios.

CINE

Jamie Foxx convértese na encarnación de Ray Charles

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO

É algo máis ca unha firme candidata a recibir varios Óscar. É máis ca unha boa banda de son. É moito máis ca unha historia edulcorada dun famoso e magnífico cantante cheo de defectos. É sobre todo a encarnación de Jamie Foxx en Ray Charles.

Ray, a gran produción americana, cos seus tópicos convenientes, coa dose xusta de veneración e desculpa diante do mito, coa realización sofisticada que engancha os padais menos esixentes, é tamén unha película que sabe usa-lo contrapunto, que utiliza a xustaposición con arte e que sen dúbida fará gozar a quen guste da música do pianista cego de Georgia. Invaden o filme especialmente dous virus tan perigosos coma frecuentes nas producións actuais. O primeiro é da mirada enganosa coa que se enfrontan algúns directores cos personaxes sobre os que constrúen os protagonistas. Hackford parece que pon ollos obxectivos sobre a vida de Charles, sen embargo só pretende que se lle disimulen os erros, que comprendamos as razóns dos seus lados escuros. Algo semellante pasoulle a Scorsese con Hughes. E asociado a este virus, non menos frecuente nin menos perigoso, búscase na infancia dos protagonistas un trauma, un acontecemento explicativo en base a unha psicoloxía barata que en nada achega coherencia ó filme e moito menos á credibilidade da psicoloxía se de xeito tan simple fundamentase as explicacións sobre a conduta.

E os virus déixanse ver de cabo a rabo no filme. Pouco importa que o pé se contaxie dos ritmos ben axustados á narración e moitas veces o sintamos movéndose no escaso espazo entre butacas; pouco que Foxx nos sorprenda con risos e andares e movementos espasmódicos; pouco que por algún momento esteamos a piques de capta-lo magma no que se acende o lume creativo do músico, coma se en algo, moi de lonxe, nos lembrase a Bird; pouco importa se nos flash backs os virus bailan na pantalla coma condenados, nos regresos á nenez a nai e neno Charles e o irmán e os sucesos todos se antollan esquemáticos e se nas resolucións dos conflitos sempre o aplauso e a visión do éxito o escurecen todo.

A pesar disto, *Ray* é unha película que gustará a tódolos públicos, cunha banda de son perfectamente ensamblada ás imaxes e cunha interpretación magnífica de Jamie Foxx. Seguro que gusta. Seguro que pelexará con *O aviador* a ver cál das dúas leva máis Óscar. Porque as dúas, aínda infectadas de virus, son o paradigma das boas candidatas.

É túa. Traballa para ti.